


A PROTECCIÓN DAS MONTAÑAS




Pandoriana pandora, unha bolboreta que só se atopa nas montañas orientais.

Para poder conservar e acrecentar o valor dos tesouros das montañas é imprescindible protexelas. A mellor forma de protexer as nosas montañas é dignificando a cultura rural por medio de axudas e proxectos que permitan formas de vida rendibles e respetuosas co medio, que conquiran fixar a poboación e á vez despertar o interese dun turismo respectuoso coa natureza e a cultura.


A protección das montañas pode vir dada polo seu interese xeral (xeolóxico, paisaxístico, biolóxico, etnográfico...) ou polo carácter excepcional dalgúns dos seus elementos: unha comunidade con características específicas (fraga, braña, turbeira...), formacións xeolóxicas singulares (penedos, covas, pegadas glaciarias, fervenzas...), restos arqueolóxicos (mámoas, petroglifos, castros...), asentamentos e formas de produción ou explotacións tradicionais, e outros aspectos etnográficos (albarizas, neveiras, curros, muíños, cabanas...).



Reserva Integral dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés



Serra de Enciña da Lastra. LIC, Parque Natural e Zona de Especial Protección para as aves (ZEPA)




Pregue de Campodola. O Courel. Monumento Xeolóxico de Interese Internacional

Centro de Interpretación da Natureza da **Serra dos Ancares**.
 Crear infraestruturas, promocionar e divulgar os valores das montañas, contribúe a achegar visitantes e desenvolver os recursos, e crear novas fontes de riqueza para as persoas que viven nelas.



Rapa das bestas en Amil. Moraña



Construcións para achegarse á seimeira de Vilagocende. A Fonsagrada.



Instalacións da ferrería de Bogo (A Pontenova), restauradas como museo etnográfico e aloxamento de turismo rural.